

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO
CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA NOVE DE OUTUBRO DE
DOUS MIL VINTE E TRES**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D. Miguel Fraga Pulleiro

Ausentes con excusa:

D^a. Cristina Pardo Portos (PSdG-PSOE)
D^a. Indrani Thais Palla Maceiras (AA.VV)

Secretario:

D. José Villán Fuertes

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás nove horas e trinta e cinco minutos(09:35 h) do día nove de outubro de dous mil vinte e tres

1 de 8

(09/10/2023), reúnese en sesión extraordinaria e urxente o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 1872 do 05/10/2023, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario e pola Interventora municipais.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na Orde do Día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.

O Sr. alcalde-presidente xustifica a urxencia na celebración desta sesión na comunicación da Deputación Provincial da Coruña indicando que o día nove de outubro expira o prazo para a inclusión da documentación da obra da Deputación 2ª fase do POS+Adicional 2/2023, cando as previsións iniciais eran do 27 de outubro. Isto motivou a necesaria convocatoria deste pleno extraordinario e urxente para ratificar a resolución da Alcaldía nº 1803/2023 de 29/09/2023 sobre participación nesa 2ª fase do POS+Adicional 2/2023.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular, unha vez concedido o uso da palabra, anuncia o seu voto a favor da urxencia desta sesión; pero o que denota é unha absoluta falta de planificación do grupo de goberno municipal, posto que a Deputación Provincial avisou en xuño que ata fins de setembro debía solicitarse a inclusión na financiación desa segunda fase do POS+2023 Adicional.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. alcalde de declarar a urxencia desta sesión, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes (19).

2.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚMERO 1803, DE DATA 29 DE SETEMBRO DE 2023, RELATIVA A PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO POS+AD 2/2023.

Aprobada no punto anterior a declaración da urxencia da sesión, o Sr. Alcalde somete a debate e votación do Pleno a proposta de data 04/10/2023 (código de documento UCP17I00TF), que transcrita literalmente di:

«Vista a resolución da Alcaldía número 1803/2023, de data 29 de setembro de 2023, que transcrita literalmente di:

"RESOLUCIÓN.- Participación na 2ª fase do POS+AD 2/2023.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o 26 de maio de 2023, aprobou o plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023

En xuño 2023, a través da plataforma SUBTEL, a Deputación Provincial achegou unha circular relativa ao POS+Adicional 2/2023, na que se indica que a cantidade asignada a este Concello no POS+AD 2/2000 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostíbles e/ou revisión excepcional de prezos ascende a 888.993,25 €.

Este Plan adicional 2/2023 aprobarase en dúas fases:

- Na fase 1ª incluíranse os investimentos financeiramente sostíbles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2023. No caso deste Concello, mediante resolución número 1190/2023, de 21 de xullo, aplicouse a maior achega á obra denominada "Mejora de la seguridad vial en Monte Alfeirán", cun orzamento total de 498.465,76 €, incluída no Plan Complementario aprobado en sesión plenaria celebrada o 10 de febreiro de 2023
- Na fase 2ª, para a que restan 390.527,49 €, poderanse incluír gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, novos investimentos financeiramente sostíbles que o concello acorde financiar ou a revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais.

En base a todo o cal,

RESOLVO:

C.I.F. P-1503100-H

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostíbles:

Investimentos financeiramente sostíbles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
--	--	--	--	--	--
TOTAL	--	--	--	--	--

(A obra incluída no Plan Complementario aprobado en sesión plenaria celebrada o 10 de febreiro de 2023 xa foi aplicada mediante resolución da alcaldía número 1190/2023, de 21 de xuño, á obra "Mejora de la seguridad vial en Monte Alfeirán", á 1ª fase do Plan Adicional)

Investimentos financeiramente sostíbles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	

-	-	-	-	-	-
---	---	---	---	---	---

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 (2ª fase)	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obligatorios	390.527,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	390.527,49 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	390.527,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	390.527,49 €

C.I.F. P-1503100-H

2.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- Someter a presente resolución a ratificación do Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.”

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

A ratificación da resolución anteriormente transcrita.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A Sra. Iglesias Becerra, concelleira delegada de Economía, Facenda e Urbanismo, unha vez concedido o uso da palabra, recorda que a Deputación Provincial aprobou esta segunda fase doe Adicional do POS+2023 en maio de 2023. En xuño comunicase aos concellos a cantidade asignada. A obra que se

incluíu na primeira fase do POS+Adicional era a obra que o Concello tiña aprobada no Plan Complementario do POS+2023, a obra de Monte Alfeirán. Nesta segunda fase solicitouse a Deputación, por resolución de Alcaldía, que a cantidade asignada fose para o financiamento de gasto corrente. Esa resolución é a que hoxe se somete a acordo deste Pleno para ser ratificada.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, subscribe o sinalado pola Sra. García Gorostizu en canto ao carácter urxente desta sesión, e é unha absoluta falta de planificación. Mostra diso é que o xoves se convoca a Xunta de Voceiros para celebrar sesión o venres na que se prepare este pleno de hoxe luns. Polo tanto este asunto *"ven tarde, mal e arrastras"*. O Pleno de finais de setembro foi a primeira actividade ordinaria da Corporación dende o mes de abril, como xa recordo noutras ocasións, e esta sesión extraordinaria e urxente non fai senón confirmar esa tendencia de continuación.

Sobre o que se ven sinalando da obra do proxecto no Monte Alfeirán e as peticións veciñais, recorda que os proxectos unha vez aprobados e remitidos á Deputación Provincial non poden ser modificados, deben estar listos para licitar. Sen embargo o Sr. Alcalde lles trasladou aos veciños que *"se podería mellorar"*, cando o certo é que non lles escoitou previamente para introducir as súas suxestións no proxecto. *"Vostede non perde unha ocasión para perder unha ocasión"*. A realidade é que pouco se vai poder introducir no resultado final da obra pois xa está decidido o seu contido dende o mes de xuño.

En segundo lugar, en canto á proposta que hoxe se somete a consideración deste Pleno, se pretenden financiar servizos nos que os concellos ten déficit de financiamento. Lo que se demostra é que o grupo de goberno non ten proxectos para acollerse aos fondos provinciais. Sérvelle para recordarlle ao goberno municipal que as propostas nos orzamentos participativos son moitas e están para ser atendidas.

Por último, e en terceiro lugar, está a forma, o tramite; tamén criticable. A este Pleno non lle queda alternativa algunha, porque *"vostede xa decidiu o 29 de setembro"* a que se ia destinar esa financiación adicional do POS+. Agora dependera de que a Deputación acepte ou non a solicitude municipal. Solicita que o expediente siga aberto para que a oposición poida seguir o *iter* do mesmo e a resposta da Deputación Provincial.

Por estes motivos vanse abster.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal Partido Popular, unha vez concedido o uso da palabra, pregunta sobre as modificacións que se fixeron na obra de Monte Alfeirán incluída no POS+2023 Adicional Primeira Fase. Solicita que se reúnan e se lles explique á asociación de veciño eses cambios para que saiban se se seguiron as súas peticións.

O Sr. Alcalde responde que solicitará un informe aos autores de proxecto sobre as modificacións introducidas a petición dos veciños.

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria; con catorce (14) votos a favor, os dos representantes presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (7) e Partido Popular de Culleredo (7); e cinco (5) abstencións, as dos

5 de 8

representantes presentes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (1); o Pleno municipal acorda:

A ratificación da resolución da Alcaldía número 1803, de data 29/09/2023 (código de documento UCP17I00SQ) cuxa parte dispositiva indica:

«**RESOLVO:**

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	390.527,49 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

C.I.F. P-1503100-H

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
--	--	--	--	--	--
TOTAL	--	--	--	--	--

(A obra incluída no Plan Complementario aprobado en sesión plenaria celebrada o 10 de febreiro de 2023 xa foi aplicada mediante resolución da alcaldía número 1190/2023, de 21 de xuño, á obra "Mejora de la seguridad vial en Monte Alfeirán", á 1ª fase do Plan Adicional)

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
-	-	-	-	-	-

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 (2ª fase)	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	

Gastos correntes servizos obrigatorios	390.527,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	390.527,49 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	390.527,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	390.527,49 €

2.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

C.I.F. P-1503100-H

3.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- Someter a presente resolución a ratificación do Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.»

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e cincuenta minutos (09:50 h.) do día expresado "*ut supra*", a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario municipal dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde, e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Código do documento	Código do expediente
USG17I0661	USG/2023/180
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5W4L 3453 1P6L 2047 13YS	

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31/10/2023, segundo o borrador asinado o día 24/10/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario municipal accidental, que dá fe.

O Alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente nesta data polo xefe de Gabinete Técnico que actuou como secretario xeral accidental o día da sesión)

C.I.F. P-1503100-H